



**CÓD. EXP.: PCO.001.2024.00484**

**PROPOSTA DE CONTRATACIÓN PARA A ADQUISICIÓN DUN TREN DE LAVADO INDUSTRIAL PARA A COCIÑA DO IES ROSALÍA MERA.**

**1.- OBXECTO E NECESIDADE DO CONTRATO**

O obxecto do presente contrato é regular e definir a prescricións técnicas ás que se axustará a adquisición dun TREN DE LAVADO INDUSTRIAL para a cociña do IES Rosalía Mera.

Esta adquisición é necesaria para substituír o tren de lavado actual, por ser este moi antigo e ser obxecto de reparacións constantes, o que encarece o seu mantemento e dificulta enormemente o seu correcto funcionamento, pois é unha máquina que ten que funcionar todos os días, dado o elevado número de comensais diarios. Ademais algunhas pezas xa non se atopan no mercado.